



Tests

Test 1

Pode utilizar o test 1 como repaso global de todo o explicado ao longo da primeira metade do curso ou, se se incorpora algún alumno novo ao grupo, como proba de nivel.

Solucións

- | | | | | |
|------|------|-------|-------|-------|
| 1. a | 5. b | 9. c | 13. d | 17. d |
| 2. b | 6. d | 10. d | 14. c | 18. a |
| 3. c | 7. a | 11. c | 15. c | 19. c |
| 4. b | 8. b | 12. a | 16. b | 20. d |

Test 2

Pode utilizar o test 2 como repaso global de todo o explicado ao longo do curso ou como proba de nivelación antes de comezar o seguinte nivel.

Solucións

- | | | | | |
|------|------|-------|-------|-------|
| 1. b | 5. d | 9. b | 13. c | 17. c |
| 2. c | 6. c | 10. d | 14. a | 18. a |
| 3. d | 7. c | 11. a | 15. b | 19. d |
| 4. a | 8. b | 12. b | 16. d | 20. c |

Test 1

- 1 ● Tes un cigarro?
○ Non, síntoo. É que _____ .
a. deixei de fumar b. levo dous meses fumando
c. sigo fumando d. volví fumar
- 2 ● Dende cando estudas galego?
○ _____ .
a. tres meses b. dende hai tres meses
c. en xaneiro d. dende tres meses
- 3 ● En Galicia _____ saudar os amigos con dous bicos.
a. é normalmente b. adóitanse
c. a xente adoita d. polo normal
- 4 ● Neste local está prohibido _____ .
a. os teléfonos móbiles
b. usar teléfono móbil
c. adoitar os teléfonos móbiles
d. de falar cos teléfonos móbiles
- 5 ● Que tal por Ourense?
○ Non _____ . Agora vivo en Noia.
a. xa vivo alí
b. sigo vivindo alí
c. volví vivindo alí
d. aínda vivo alí
- 6 ● Onte, cando _____ da clase _____ a Eulalia e _____ falando un pouco.
a. saín, atopei, estabamos
b. saía, atopo, estamos
c. saio, atopamos, estamos
d. saín, atopei, estivemos
- 7 ● Ti _____ a cociña que eu _____ as camas, vale?
a. recolles/fago b. recollas/limpo
c. recolla/fago d. recolle/frego
- 8 ● O próximo ano, se _____ vacacións en agosto, _____ ao estranxeiro.
a. terei/viaxo b. teño/viaxarei
c. collín/ía d. collo/viaxaba
- 9 ● Eu, _____ só _____ xogar.
a. cando era neno/gustábame
b. de pequeno/quero
c. cando era pequeno/quería
d. se son pequeno/quixen
- 10 ● Se che gusta este libro, _____ .
a. pode levarmo b. cho empresto
c. non che merques d. regálocho
- 11 ● Se non atopo _____ señor Clodio, deixareille _____ mensaxe _____ recepcionista.
a. ao/un/coa b. o/un/coa
c. o/unha/ao d. ao/unha/co
- 12 ● Onde deixo as tesoiras?
○ _____ .
a. Se xa non as necesitas, gárdaas no caixón
b. Non, déixaas aí
c. Podes deixala aquí na mesa
d. A min non me fai falla
- 13 ● Ves connosco _____ prefires quedar na casa? Pois acompañovos, _____ penso volver cedo.
a. pero/ pero b. e/ é dicir
c. ou/nin d. ou/pero
- 14 ● Eu cando era pequena odiaba a verdura, e ti?
○ _____ .
a. Eu tamén, pero aínda non
b. Eu tampouco, pero agora non
c. Eu tamén, pero agora non
d. Eu non, pero xa si
- 15 ● No teu país _____ propina nos restaurantes?
a. se adoita deixar b. se deixan
c. adóitase deixar d. normalmente deixa
- 16 ● Nuria _____ dende a madrugada. Está esgotada.
a. quere durmir b. leva traballando
c. adoita chegar d. prefire traballar
- 17 ● Nos hospitais _____ fumar.
a. non deixan de b. non se poden
c. é permitido d. está prohibido
- 18 ● Hai moito que estás aquí?
○ Non, non. _____ .
a. Acabo de chegar b. Levo aquí hai un pouco
c. Dende tres horas d. Case non chego
- 19 ● Onde vivo non _____ tantas festas.
a. se realiza b. celébranse
c. se celebran d. se celebra
- 20 ● Non vin a correspondencia porque cando _____ o carteiro eu xa _____ no coche.
a. chegou/saín b. saía/chegaba
c. chegaba/marchei d. chegou/saía

Test 2

- 1 ● Mónica: "Vai vir Elisa á festa?"
a. Mónica explicoume que Elisa vai vir á festa.
b. Mónica preguntoume se Elisa vén á festa.
c. Mónica comentoume que Elisa vai vir á festa.
d. Mónica preguntoume como Elisa vén á festa.
- 2 ● _____, por favor?
○ Un momento, _____.
a. Señora Rial/agora lle paso
b. Podo falar coa señora Rial/agora non pode
c. A señora Rial/agora se pon
d. A señora Rial/quere deixar unha mensaxe
- 3 ● Carlos: "Oíches, acabo de deixar o traballo."
a. Carlos explicoume como acaba de deixar o traballo.
b. Carlos recordoume se acaba de deixar o traballo.
c. Carlos preguntoume se acaba de deixar o traballo.
d. Carlos díxome que acaba de deixar o traballo.
- 4 ● Que _____ ao final da carreira?
○ _____ alemán e _____ un traballo.
a. farás/estudarei/buscarei
b. farás/farei/rematarei
c. estudarás/buscarei/farei
d. pensarás/farei/terei
- 5 ● Mercáches _____ os libros á rapaza?
○ Si, _____ onte cando fun á vila.
a. lles/merqueinos b. lle/mercáballos
c. lle/merquéillelos d. lle/merqueillos
- 6 ● Onde cres que _____ dous anos?
a. estabas nos próximos
b. estarás dende hai
c. vivirás dentro de
d. vivirías dentro de
- 7 ● Á protagonista dese filme _____ un premio no festival.
a. trouxérona b. fixéronlle
c. déronlle d. ofrecéronlla
- 8 ● Ola, bo día. Quería uns parafusos que serven para colgar cousas, que teñen forma de ele... _____?
○ Si, si claro. Alcaiatas. De que tamaño?
a. Que cousa é b. Sabe o que quero dicir
c. Non lembro d. Que significa
- 9 ● Se Xurxo non chega moi tarde, _____.
a. non saímos tomar unha copa
b. probablemente sairemos cear fóra
c. fomos ver uns amigos
d. esperábao para cear
- 10 ● E entón que pasou na xuntanza de onte?
○ _____ cando chegaron os García...
a. Nisto, b. Daquela
c. Por fin d. Resulta que
- 11 ● Sabes que casa Lucía?
○ Non, _____ ninguén.
a. non mo dixera b. contáramo
c. sabíao d. non dixera
- 12 ● Félix sabe que deixas o traballo?
○ Pois a verdade é que _____.
a. díxenllo onte b. aínda non llo dixen
c. díxomo d. xa llelo dixera
- 13 ● Creo que _____ máis zonas verdes nesta cidade.
a. fixeran b. habería
c. debería haber d. farían
- 14 ● Os estudantes _____ aprobaron a selectividade.
a. que se prepararan ben
b. que asistira ás clases
c. que nunca viremos
d. que repetirán o curso
- 15 ● E que filme viches onte?
○ Pois un _____ dunha parella que...
a. de comedia/Vai b. de actualidade/Trata
c. de aventura/Resulta d. de romántica/Sobre
- 16 ● Os folguistas esixen que _____ convenio e que _____ os seus dereitos.
a. o cambio do/garantan
b. modifiquen o/asegurarse
c. sigan o/se modifique
d. manteñan o/respecten
- 17 ● Pódesme facer uns recados?
○ Agora non, pero _____ pola tarde, se _____.
a. faríachos/quérelo b. fíxenos/puidera
c. fareichos/che vale d. fágochos/chegue cedo
- 18 ● É lamentable que aínda hoxe _____ cousas dese tipo. _____ ser máis solidarios
a. ocorran/deberíamos b. existan/tiñamos
c. exista/poderíamos d. haxa/foramos
- 19 ● Matriculouse en inglés _____ pensa ir a Estados Unidos _____ facer un máster en publicidade.
a. xa que/por
b. porén/a fin de
c. como/co propósito de
d. porque/para
- 20 ● O escritor, _____ foron premiadas vai publicar un novo traballo.
a. cuxa novela
b. cuxo libro
c. cuxas obras
d. cuxos traballos

